

Tradución e Edición

V01M047V01208 Máster de Investigación Tradución & Paratradución OPTATIVA SEMESTRE 2

Profesorado responsable: Ana Luna Alonso (aluna@uvigo.es)

Profesorado invitado: Jean Peeters, Reine Meylaerts

A materia tradución e edición introduce ao alumnado no campo da actividade tradutora que designa nos Estudos de tradución os textos traducidos destinados á publicación por editoriais. Na categoría de tradución editorial inclúense todas as traducións solicitadas por editoras para seren publicadas, con independencia do tipo de texto e da modalidade de tradución. A investigación neste campo procura a política editorial que leva a que un texto traducido saia publicado e mesmo cal é a aceptación por parte do público lector.

temario

1. A tradución editorial. Localización de datos	1.1. Políticas de tradución editorial. 1.2. Tipoloxías textuais e modalidades de tradución nun período concreto 1.2. Tipoloxías textuais e modalidades de tradución nos diferentes espazos culturais 1.3 Tipoloxías textuais e modalidades de tradución no período máis recente
2. Planificación en tradución editorial	2.1. Función normalizadora
3. Análise cuantitativa e cualitativa	3.1. Metodoloxías de análise
4. Experiencias das e dos profesionais	4.1. Aspectos profesionais segundo os ámbitos de traballo e modalidades de tradución. 4.2. Axentes que interveñen no proceso de tradución editorial
5. A norma e mais o comportamento tradutor.	5.1. Estratexias de tradución segundo a ideoloxía dominante

Metodoloxía docente

Sesión maxistral	As sesións maxistrais permiten explicar os contidos máis teóricos da materia, así como os contidos fundamentais para poder desenvolver as tarefas prácticas. Con todo, procurárase que se produza a participación do alumnado.
Eventos docentes e/ou divulgativos	Reservaranse dúas sesións cando menos para a asistencia a conferencias ou relatorios que se impartan na Facultade de Filoloxía e tradución, relacionados coa materia que se imparte.
Presentacións/exposicións	O alumnado debe defender de xeito oral o seu traballo, ademais de entregar unha copia por escrito. Procurárase que as sesións sexan participativas.
Traballos tutelados	Cómpre realizar un traballo individual de investigación sobre os temas propostos pola profesora ao inicio do curso.
Actividades introdutorias	Nesta sesión presentarase a materia e o desenvolvemento da mesma, así como o sistema de avaliación e resolveranse as dúbidas do alumnado ao respecto.

Se se carece de formación específica en teoría da tradución e da interpretación, é recomendable realizar a lectura básica dalgún manual que recolla as últimas perspectivas de investigación en T&I. A profesora pode fornecer esa bibliografía se o alumnado o solicita.

Avaliación

Presentacións/exposicións 25 %	Defensa oral do traballo individual
Traballos tutelados 75 %	Entrega por escrito do traballo individual de investigación sobre o tema proposto pola profesora

Materias do máster máis directamente relacionadas

Prácticas/V01M047V01210

Traballo Fin de Máster/V01M047V01211